



Deputación  
DA CORUÑA

DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

**CERTIFICA:** Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e tres de marzo de dous mil dezaoito aprobou o seguinte:

**"29.-APROBAR A PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O INFORME DE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS A QUE SE REFIRE O ARTIGO 218.1 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparos emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO:** A remisión de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia.

**TERCEIRO:** Tomar en consideración as recomendacións formuladas polo órgano interventor, e tomar as medidas correctoras que se teñen anunciado en cada unha das consideración expostas anteriormente."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a vinte e seis de marzo de dous mil dezaoito.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE





A Excma. Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 23 de marzo de 2018, aprobou o seguinte:

**"29.-APROBAR A PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O INFORME DE RESOLUCIÓN DE DISCREPANCIAS A QUE SE REFIRE O ARTIGO 218.1 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparos emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO:** A remisión de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia.

**TERCEIRO:** Tomar en consideración as recomendacións formuladas polo órgano interventor, e tomar as medidas correctoras que se teñen anunciado en cada unha das consideración expostas anteriormente."

O que traslado a Vde. para o seu coñecemento e efectos.

A Coruña, 27 de marzo de 2018

O secretario xeral



José Luis Almazán Supervía



**COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSONAL E REIXIME  
INTERIOR**

**Reunión do** 19 de marzo de 2018

**Preside:** ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

**Deputados/as:**

**Asistentes:** BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JUAN VICENTE PENABAD MURAS, MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, XESÚS MANUEL SOTO VIVERO, INÉS MONTEAGUDO ROMERO (en substitución de Manuel Rivas Caridad), SUSANA GARCÍA GÓMEZ, JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO (en substitución de Mariel Padín Fernández), TERESA VILLAVERDE PAÍS (en substitución de José Manuel López Varela), LUIS RUBIDO RAMONDE, CLAUDIA DELSO CARREIRA e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

**Escusado:** MANUEL DIOS DIZ

**Presentes:** JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA (Interventor Xeral), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro) e MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior)

**Secretaría:** MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**APROBAR A PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE O INFORME DE RESOLUCIÓN DE  
DISCREPANCIAS AO QUE SE REFIRE O ARTIGO 218.1 DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI  
REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS.**

Esta comisión adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparos emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO:** A remisión de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia.

**TERCEIRO:** Tomar en consideración as recomendacións formuladas polo órgano interventor, e tomar as medidas correctoras que se teñen anunciado en cada unha das consideración expostas anteriormente.

Este ditame apróbase cos votos a favor do grupo Socialista, grupo Nacionalista, Marea Atlántica e Alternativa dos Veciños e a abstención do Grupo Popular.

O presidente

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria

M<sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde



**ASUNTO:**

**RESUMO DOS INFORMES DE REPARO EMITIDOS POLO ÓRGANO  
INTERVENTOR CON RESPECTO AOS EXPEDIENTES DE XESTIÓN DE  
GASTOS TRAMITADOS NO EXERCICIO 2017.**

**DESTINO:**

**PLENO DA CORPORACIÓN.  
CONSELLO DE CONTAS.  
TRIBUNAL DE CUENTAS.**

Co fin de dar adecuado cumprimento ao disposto no artigo 218 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas locais (segundo redacción dada polo artigo 2 da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local), elévase ao Pleno da Corporación o seguinte informe, complementario da relación de notas de reparos emitidos pola Intervención no exercicio 2017, no que de forma sucinta e agrupada dáse conta das resolucións e acordos adoptados contrarios ás observacións e reparos efectuados en materia de gastos. **Así mesmo, ponse de manifesto que no exercicio 2017 non houbo ningún reparo en materia de ingresos sometidos a fiscalización (nin no exercicio da fiscalización previa nin tampouco no control financeiro posterior).**

Simultaneamente, ademais da explicación das observacións, defectos e anomalías procedimentais que se apreciaron, na segunda parte do presente informe emítense algunas recomendacións a ter en conta polas unidades xestoras e os órganos con potestade de resolver, co fin de que no futuro non se volva a incorrer nestas circunstancias.

**I. INTRODUCCIÓN: DATOS XERAIS.**

Con carácter introductorio e de forma sintética, cómpre informar que **o importe total do gasto reparado ascende a 10.952.331,64 euros**. Sendo o importe total do gasto comprometido no exercicio 2017 de 248.415.307,18 euros, porcentualmente o gasto que foi cuestionado no exercicio do control de legalidade previo foi de 4,41 por cento sobre o total disposto na execución de gastos de persoal, gastos en bens correntes e servizos, transferencias correntes e de capital.



A ausencia de resolución sobre este extremo comporta que durante o exercicio 2016 se teña pagado a este persoal unha entrega a conta da produtividade que resultase por importe de 124.878,80 euros, contía que está pendente de ser regularizada, transcorrendo xa con exceso o prazo previsto nas normas aprobadas polo Pleno da Corporación. A produtividade correspondente ao restante persoal da Corporación sí foi aprobada pola Xunta de Goberno, na sesión do 2 de outubro de 2017.

## **PARTE II.- OBSERVACIÓN S E NOTAS DE REPARO.**

### **MOTIVO 1 E PRINCIPAL CAUSA DE REPARO NO EXERCICIO 2017:**

Como xa se indicou, os expedientes de subvencións nominativas foron obxecto de reparo por parte do órgano interventor, fundamentándose este informe nos seguintes motivos:

- Falla de xustificación nos expedientes tramitados da singularidade da entidade ou excepcionalidade da actividade realizada, vulnerándose os principios constitucionais de igualdade e de asignación eficiente dos fondos públicos, así coma a Lei xeral de subvencións, en canto establece coma procedemento ordinario para o outorgamento de subvencións o de concorrencia competitiva, aténdose a criterios obxectivos de cuantificación da achega provincial
- Falla de aprobación dun Plan estratégico de subvencións.
- Nalgúns casos tense apreciado a imposibilidade contable e financeira de que os fondos recibidos queden afectados á totalidade do gasto que figura no orzamento da cláusula segunda, ao tratarse dun gasto xa devindicado e liquidado parcialmente no peche do exercicio 2015-2016. Xa que logo, na parte proporcional correspondente, a achega xa non é unha subvención, senón unha transferencia destinada a paliar as perdas nas que incorreu a entidade nese derradeiro exercicio contable liquidado.



**Motivo 6: Contratación de servizos cunha produtora dunha película sen xustificar o procedemento negociado sen publicidade, o prezo proposto e a natureza xurídica da prestación.**

Con respecto ao expediente de contratación PCO.001.201, o órgano interventor emitiu informe de reparo no que se entendía que non se xustificaba o procedemento negociado sen publicidade para levar a cabo determinados servizos de promoción do turismo a través da proxección dunha película, nin tampouco se xustificaba o prezo proposto, entendéndose que podería tratarse más ben dunha subvención. A Presidencia ditou resolución levantando o reparo, ao abeiro do informe da Unidade xestora.

Posteriormente deixouse sen efecto o expediente, incoándose un novo no que se procede a unha desagregación pormenorizada e xustificativa do prezo. Sobre este segundo expediente, o órgano interventor emitiu un informe con observacións críticas respecto da natureza xurídica da transacción.

**Motivo 7: Proposta de mantemento do complemento persoal transitorio para determinado persoal que tiña promocioando a outros postos de traballo.**

No expediente tramitado con respecto á presentación dun recurso de reposición por parte de determinado persoal funcionario no que pedía que se mantivese un complemento persoal e transitorio, malia a ter promocionado a outro posto de traballo, o órgano interventor emitiu un reparo no que fundamentaba o seu criterio contrario á esta pretensión nun informe do Servizo de asesoría xurídica. A unidade xestora aceptou o reparo formulado e procedeu a ditar resolución desestimando o recurso de reposición presentado.



### **PARTE III.- RECOMENDACIÓN.**

**PRIMEIRA.- A planificación da actividade da Deputación no marco das competencias atribuídas a estas entidades locais pola Lei 27/2013, de Reforma e Sustentabilidade da Administración Local.**

Se a Provincia vén definidía como unha entidade local determinada pola agrupación de municipios (artigo 31 da Lei 7/85), no marco xurídico actual, despois do reforzamento das competencias das deputacións pola Lei 27/2013, a planificación da actividade e do gasto desta administración ten que partir dunha idea nuclear e básica, cal é a de garantir a prestación efectiva dos servizos básicos en todos os municipios, especialmente nos de menor capacidade económica e de xestión.

Con fundamento na idea exposta, non pode estrañar que nos numerosos informes de reparo emitidos ás propostas de subvencións nominativas a favor de determinados municipios da Provincia, tense insistido en que a forma ordinaria de cooperación económica da Deputación cos concellos é mediante a aprobación de plans, nos que mediante criterios obxectivos e regulados se poidan distribuir ordenadamente as contías que lle corresponden a cada un daqueles.

Por outra banda, non só hai que conseguir a prestación efectiva dos servizos públicos municipais en todos os municipios da provincia, senón logralo baixo o principio constitucional de eficiencia, isto é, ao menor custo posible. Para iso, na actividade de planificación que se está comentando, debería valorarse a posibilidade de que esta Deputación puidese realizar a prestación directa dalgún servizo público, de maneira que se xerasen economías de escala, ou cando menos fórmulas de xestión compartida, tal como postula o artigo 26.2 da LBRL, ofrecendo así a posibilidade de que os concellos poidan ter alguma alternativa á prestación do servizo por si mesmos, iso si dentro do máximo respecto á súa autonomía, tal como esixe a interpretación que deste precepto ten feito o Tribunal Constitucional na sentenza 111/2016, do 9 de xuño, declarando inconstitucional o inciso que atribuía a decisión final sobre a proposta de prestación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



En desenvolvemento desta previsión legal, o Regulamento da Lei dedica toda unha sección (artigos 10 a 15) á regulación detallada dos plans estratéxicos, determinando o seu ámbito e contido, aprobación, seguimento e efectos do seu incumprimento. Por tanto, recoméndase con encarecemento aos órganos de goberno e aos servizos xestores que promovan a aprobación dun plan estratéxico para darlle desde o primeiro momento o canle máis axeitado á acción de fomento provincial.

En segundo lugar, e no marco dunha planificación estratéxica, resulta imprescindible unha adecuada e eficaz coordinación coas demais administracións públicas (Comunidade Autónoma e municipios), cuxa acción de fomento actúa na esfera dos ámbitos culturais, deportivos, sociais e de cooperación ao desenvolvemento. Na tramitación de abondosos expedientes de control financeiro tense constatado a concorrencia das subvencións da Deputación coas dos concellos e da Comunidade Autónoma, xerando ás veces efectos indeseados que derivan no reintegro parcial ou total da subvención concedida por exceso de financiamento e, simultaneamente, o exercicio da potestade sancionadora ante o ocultamento da concorrencia por parte das entidades beneficiarias. Estas consecuencias, ás veces de extrema gravidade para as entidades beneficiarias, quizais se poderían evitar ou, polo menos, paliar en parte, nunha actuación coordinada das administracións subvencionantes, delimitando previamente o campo de acción de cada unha delas.

En terceiro lugar, pero non por iso non menos importante, hai que invocar novamente o artigo 8 da Lei Xeral de Subvencións, cuxo apartado tres, establece os principios procedimentais de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como a procura da eficacia e eficiencia na asignación dos recursos públicos. Precisamente, a excepción non acreditada documentalmente dos estes principios, foi a razón dos numerosos reparos efectuados.

Fronte aos reparos da Intervención, argumentouse que os procedementos en réxime de publicidade e concorrencia competitiva non se adaptan ás necesidades de determinadas entidades, polo carácter sectorial ou singular das actuacións que se van a desenvolver ou polo importe do gasto a realizar. Pero fronte tal argumento, a Intervención debe manifestar que tamén os procedementos de réxime de concorrencia e publicidade admiten a modulación para adaptarse a un ámbito sectorial determinado ou a uns maiores importes de gasto subvencionable.



- Condicións de desempeño das funcións, tarefas e cometidos dos postos de traballo: lugar de realización, horario e forma de acreditar o seu complemento efectivo, réxime retributivo de todos os conceptos retributivos e concreción dos dereitos e deberes que o seu servizo comporta, especialmente o relativo ao réxime de especial incompatibilidade.

**As observacións expostas aconsellan, a xuizo desta Intervención, deixar xa sen efecto a resolución nº 36515/2017, de 20 de novembro, e adaptala (namentres non se estableza o réxime xeral indicado) ás condicións que se determinen polo Pleno da Corporación.**

En definitiva, as observacións, notas de reparo e recomendacións expostas pónense en coñecemento do Pleno da Corporación, para que no exercicio das súas atribucións, adopte os acordos ou propostas de actuación necesarias para emendar e correxir as deficiencias postas de manifesto por este órgano interventor nos informes de reparo emitidos. Posteriormente, o presente informe e o seu anexo, serán remitidos ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, como anexo da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2017.

A Coruña, 19 de marzo de 2018.

O Interventor adxunto,

Juan Bautista Suárez Ramos.

O Viceinterventor,

José María Pérez Alvariño.

O Interventor xeral,

José Manuel Pardellas Rivera



A Coruña, 15 de marzo de 2018

**ASUNTO: INFORME DA PRESIDENCIA NO QUE SE XUSTIFICAN AS RESOLUCIÓNS E ACORDOS ADOPTADOS PARA RESOLVER AS DISCREPANCIAS PRANTEXADAS POLA INTERVENCIÓN EN DETERMINADOS EXPEDIENTES TRAMITADOS AO LONGO DO EXERCICIO 2017 E PROPOSTA DE ACORDO AO RESPECTO**

Visto o informe-resumo de observacións e reparos emitidos polo órgano interventor respecto a determinados expedientes de xestión de gastos tramitados ao longo do exercicio 2017, de conformidade co previsto no artigo 218.1 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais (segundo redacción dada polo artigo 2 da Lei 27/2013, de Reforma e Sustentabilidade da Administración Local), por parte desta Presidencia cómpre realizar as seguintes

**CONSIDERACIÓNS:**

**PRIMEIRA.- Respecto da concesión de subvencións nominativas.**

Desde que se aprobou e entrou en vigor a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, esta Deputación Provincial veuse acollendo ano tras ano a regulación prevista no artigo 22.2 a) e c), no que se establece que poderán concederse directamente as subvencións que estean expresamente recollidas nos Orzamentos xerais do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, cando non sexa posible promover a concorrencia. Asemade, tamén se poden conceder directamente aquelas nas que, con carácter excepcional, se poidan acreditar razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente acreditadas que dificulten ou impidan a súa convocatoria pública. Trátase, xa que logo, dun dos procedementos previstos legalmente para o outorgamento de subvencións, do que fai uso a Administración do Estado, as comunidades autónomas e prácticamente todas as entidades locais.

A utilización deste procedemento de concesión directa de subvencións, aínda tendo perfecto apoyo legal no precepto indicado anteriormente, vén sendo utilizado por esta Deputación, analizando polo miúdo as circunstancias singulares ou excepcionais que concorren en cada concello ou entidade e que aconsellan a proposta e aprobación dunha subvención nominativa.

Para o fin exposto, de acordo co previsto nas Bases de Execución do Orzamento, esíxese unha documentación moi detallada tanto desde o punto de vista xurídico, económico coma técnico. Por iso, entre outros documentos, ditas entidades teñen que presentar as contas anuais debidamente aprobadas do derradeiro exercicio pechado, para que conste que se trata dunha entidade que actúa con transparencia na xestión económica e da que se pode analizar a súa solvencia.

Polo tanto, en cada un dos expedientes tramitados co carácter de subvención nominativa, existe unha proposta do departamento xestor na que se valora a competencia provincial, a



**O PRESIDENTE  
DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

singularidade do proxecto e a idoneidade da entidade beneficiaria. O amplo contido do expediente e dos requisitos esixidos conleva unha tramitación máis lenta do mesmo, con múltiples requirimentos aos solicitantes para que acheguen máis documentación, circunstancias que explican en moitos casos a demora da concesión ao seguinte exercicio económico, coa consecuencia da imposibilidade de que contablemente poidan ser imputados os fondos provinciais aos gastos devindicados no proxecto ou actividade financiada, pero tamén coa seguridade de que ditos gastos sí se teñen producido no desenvolvemento daquela actividade e mesmo, na meirande parte dos casos, xa pagados, cumprindo así coas esixencias ao respecto da Lei xeral de subvencións.

Por outra banda, coa finalidade de xustificar as decisións que temos adoptado, esta Presidencia entende que as deputadas e deputados que conformamos o Pleno da Corporación ostentamos a lexítima representación das corporacións municipais e, xa que logo, a da cidadanía da Provincia da Coruña. É precisamente no exercicio do noso labor representativo cando nos achegamos e nos sensibilizamos co traballo cultural, social ou deportivo que están a realizar as asociacións, fundacións e clubs deportivos da Provincia e nesta análise de iniciativa privada somos conscientes de que hai diferenzas significativas no tocante aos resultados acadados e no efecto que os mesmos teñen para o tecido social, económico e mesmo produtivo da nosa Provincia. Estes resultados, ás veces tan intanxibles que non se poden baremar e cuantificar matemáticamente, só se poden valorar axeitadamente a través da excepcionalidade e singularidade da subvención nominativa. Tamén esta observación e coñecemento previo da realidade explica a demora na tramitación dos expedientes (ás veces, o deputado ou deputada responsable coñece a actividade ou proxecto cando xa se está realizando).

Agora ben, desde este Goberno vense traballando nas distintas áreas para ir sometendo aos principios de publicidade e concorrencia determinadas accións de fomento que no mandato corporativo anterior se viñan canalizando polo procedemento de excepcionalidade das subvencións nominativas e que agora xa teñen o seu propio canle a articulación polo procedemento de concorrencia competitiva. Exemplos desta actuación son as convocatorias de subvencións para fundacións e entidades titulares de museos ou o programa de o Programa DP0026 de cooperación ao desenvolvemento. Asemade, no tocante á cooperación cos concellos, o importe total que se viña adicando en anos anteriores a subvencións nominativas xa se tramita e concede agora no marco dos Plans provinciais que se veñen redactando polo Servizo correspondente e aprobando polo Pleno da Corporación, de xeito que a distribución dos fondos entre os 93 concellos da Provincia farase con carácter totalmente regulado.

Aínda así, a Presidencia de novo toma en consideración as recomendacións efectuadas pola órgano interventor e proponse presentar perante o Pleno da Corporación, a ser posible antes de que remate o actual exercicio 2018, un Plan estratéxico de subvencións, dándolle así cumprimento ao requerimento legal contido no artigo 8 da Lei xeral de Subvencións.



O PRESIDENTE  
DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

**SEGUNDA. O persoal eventual e o seu réxime de dedicación.**

No inicio do mandato corporativo 2015-2019, seguindo a mesma práctica dos mandatos anteriores, os grupos políticos que componen a Corporación propuxéronlle a esta Presidencia o nomeamento de determinado persoal eventual para levar a cabo tarefas e cometidos de especial confianza e asesoramento político ou mesmo técnico nas distintas áreas de governo e tamén para o ejercicio da oposición, labor para a que se require da asistencia de persoal que poida realizar un estudo e unha análise política dos asuntos que componen a orde do día das comisión informativas e do Pleno da Corporación, así como tamén para seguir o labor do goberno provincial.

Na continuidade da práctica exposta anteriormente, aínda que formalmente o Presidente é o superior xerárquico de todo o persoal ao servizo da Corporación, no tocante ao persoal eventual é ben coñecido que son os responsables de cada grupo político os que asignan tarefas e cometidos a cada unha das persoas que componen este grupo. Por iso, desde a Presidencia non se fai un seguimento do cumprimento por parte deste persoal das súas obrigas, senón que se pide informe ao voceiro respectivo de cada grupo para que se poida acreditar o cumprimento das súas obrigas e cometidos.

Sen prexuizo do exposto, desde o Goberno provincial estase a traballar para cumplir coas recomendacións realizadas polo órgano interventor e, para tal efecto, levaranse a cabo as seguintes acción:

**Primeira:** cursaranse instrucións ao departamento de Planificación e xestión de recursos humanos para que na Relación de postos de trabalho que se está a elaborar se inclúan os postos de trabalho a cubrir por persoal eventual, coas características, funcións e requisitos esixidos para o seu desempeño, dándolle pleno cumprimento ao disposto as disposicións legais que regulan esta materia.

**Segunda.** Instarase asemade a dito Servizo para que presente a maior brevidade a proposta de liquidación definitiva de produtividade do persoal eventual correspondente ao exercicio 2016, tomándose en consideración o réxime xurídico aplicable, que se achegará no expediente, de xeito que o órgano interventor poida comprobar a súa correcta aplicación.

**Terceira.** valorarase a conveniencia de deixar sen efecto a resolución que excluiu da obriga de rexistrar as entradas e saídas e demais incidencias do persoal eventual no sistema de control horario e presentarase ante o Pleno da Corporación unha proposta para regular o réxime de desempeño do persoal eventual en todos os aspectos que resulten necesarios: réxime de desempeño, réxime retributivo, réxime de incompatibilidades e outros.

**TERCEIRA.- As deficiencias observadas en determinados expedientes de contratación.**

Neste apartado en materia de contratación, antes de calquera outra consideración, esta Presidencia quere manifestar a satisfacción do goberno pola utilización con carácter xeral do procedemento aberto para a contratación das obras, servizos e suministros, dándolle pleno



O PRESIDENTE  
DA  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

cumprimento deste xeito aos principios de libertade de acceso ás licitacións, publicidade, concorrencia e non discriminación.

Por outra banda, tendo entrado en vigor o pasado día 9 de marzo a nova Lei 9/2017, de Contratos do sector público, este Goberno proponse cumplir estritamente con esta nova normativa, limitando a utilización do contrato menor para a cobertura de necesidades puntuais, de escasísima relevancia económica e controlando en cada cso que que o mesmo obxecto contractual poida ser adxudicado á mesma empresa por máis dunha vez. Neste sentido, a normativa contida nas actuais Bases de execución do orzamento para 2018 son más esixentes no cumprimento destes requisitos que a propia norma legal, publicándose no perfil do contratante a licitación de todos os contratos a partir dos 3.000 euros.

Polo demais, como ben se pode comprobar, as deficiencias observadas nos reparos do órgano interventor afectan a procedementos dunha escasa importancia relativa no conxunto de gasto e cuestionan aspectos exclusivamente formais. Malia a todo, pedirasele a todas as unidades xestoras de gasto a máxima atención para o seguimento de cada expediente, evitando a extemporaneidade na execución e calquera outra irregularidade que poida manifestarse nos procedementos de tratación.

Finalmente, este Presidente, na súa responsabilidade de dirección do Goberno e administración provincial, toma coñecemento das recomendacións realizadas polo órgano interventor e asume o compromiso de estudalas e, no seu caso, tomalas en consideración na xestión económica que se desenvolva a partir de agora, conciliando plenamente o respecto riguroso da Lei coa axilidade, eficaz e máis pronta satisfacción do interese público.

En virtude de todo o exposto, proponse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía, facenda e especial de contas, que adopte o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Tomar coñecemento do expediente que contén a relación dos informes de reparo emitidos polo órgano interventor nos que concorren as circunstancias expresadas nos artigos 215 a 218 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e do informe xustificativo da Presidencia da Corporación.

**SEGUNDO.** Elevar dito expediente ao Pleno da Corporación, para a súa toma de coñecemento e remisión inmediata de todos os reparos formulados aos órganos de control externo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas de Galicia.

**TERCEIRO.** Tomar en consideración as recomendacións formuladas polo órgano interventor, e tomar as medidas correctoras que se teñen anunciado en cada unha das consideracións expostas anteriormente.



**Deputación  
DA CORUÑA**

A Excma. Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria celebrada o día 23 de marzo de 2018, tomou coñecemento do seguinte:

**"24.-TOMAR COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE OS RECURSOS PROVINCIAIS ASIGNADOS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA, ASÍ COMO A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2017.**

O Pleno toma coñecemento sobre o informe emitido polo servizo de Fiscalización sobre os recursos asignados por esta Deputación provincial aos concellos da provincia e as entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017."

O que traslado a Vde. para o seu coñecemento e efectos.

A Coruña, 27 de marzo de 2018

O secretario xeral



José Luis Almazán Supervía



**Deputación  
DA CORUÑA**

**DON JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA, SECRETARIO XERAL DA EXCMA.  
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**CERTIFICA:** Que o Pleno da Deputación Provincial da Coruña na sesión plenaria ordinaria celebrada o vinte e tres de marzo de dous mil dezaoito tomou coñecemento do seguinte:

**"24.-TOMAR COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE OS RECURSOS PROVINCIAIS ASIGNADOS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA, ASÍ COMO A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2017.**

O Pleno toma coñecemento sobre o informe emitido polo servizo de Fiscalización sobre os recursos asignados por esta Deputación provincial aos concellos da provincia e as entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017."

E para que conste e sen prexuízo dos termos da aprobación da acta, segundo o disposto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Sr. Presidente na Coruña, a vinte e seis de marzo de dous mil dezaoito.

Vº e Pr.

O PRESIDENTE





**COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, PERSOAL E RÉXIME  
INTERIOR**

**Reunión do** 19 de marzo de 2018

**Preside:** ANTONIO LEIRA PIÑEIRO

**Deputados/as**

**Asistentes:** BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO, JUAN VICENTE PENABAD MURAS, MANUEL MUÍÑO ESPASANDÍN, XESÚS MANUEL SOTO VIVERO, INÉS MONTEAGUDO ROMERO (en substitución de Manuel Rivas Caridad), SUSANA GARCÍA GÓMEZ, JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO (en substitución de Mariel Padín Fernández), TERESA VILLAVERDE PAÍS (en substitución de José Manuel López Varela), LUIS RUBIDO RAMONDE, CLAUDIA DELSO CARREIRA e ÁNGEL GARCÍA SEOANE

**Escusado:** MANUEL DIOS DIZ

**Presentes:** JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA (Interventor Xeral), ENRIQUE MANUEL CALVETE PÉREZ (Tesoureiro) e MARÍA AMPARO CRISTINA TABOADA GIL (Oficial Maior)

**Secretaria:** MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ SESMONDE

**TOMAR COÑECEMENTO DO INFORME SOBRE OS RECURSOS PROVINCIAIS  
ASIGNADOS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA, ASÍ COMO  
A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE  
O 1 DE XANEIRO DE 2012 E O 31 DE DECEMBRO DE 2017.**

Esta comisión:

Toma coñecemento sobre o informe emitido polo servizo de Fiscalización sobre os recursos asignados por esta Deputación Provincial aos concellos da provincia e as entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.

O presidente

Antonio Leira Piñeiro

A secretaria

M<sup>a</sup> José Vázquez Sesmonde

**EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

Pleno

*Tomado coñecemento en sesión  
ordinaria  
celebrada o día 23 de marzo de 2018*

O Secretario,



## INFORME DE INTERVENCION

**ASUNTO : Recursos provinciais asignados a concellos e outras entidades locais da provincia, así como a entidades, persoas físicas ou xurídicas e grupos políticos, no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017.**

### 1.- CUESTIÓN PREVIA.

O 4 de agosto de 2015 elaborouse un informe sobre os recursos provinciais asignados aos concellos da provincia no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 30 de xuño de 2015. De igual forma emitiuse outro informe o 4 de setembro de 2015 sobre os recursos provinciais destinados as entidades privadas sen ánimo de lucro en idéntico período.

O 4 de maio de 2016 esta Intervención provincial emitiu un novo informe sobre os recursos provinciais asignados aos concellos da provincia e a entidades privadas sen ánimo de lucro no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2015.

O 16 de febreiro de 2017 emitíuse o informe correspondente ao período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2016.

O presente informe ten por finalidade actualizar a información para recoller a referida a todo o exercicio 2017, dando por reproducidas todas as consideracións efectuadas nos informes citados. Ao propio tempo, amplíase o obxecto dos informes anteriores para incluír os datos dos recursos destinados a entidades mercantís, a través de subvencións (PEL), premios, bolsas e asignacións aos Grupos Políticos Provinciais, co fin de obter unha perspectiva global da acción de fomento da Deputación Provincial de A Coruña.

### 2.- SUBVENCIÓNS TRAMITADAS A FAVOR DOS CONCELLOS DA PROVINCIA.

#### 2.1. Plans provinciais tramitados.

Ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2017 tramitáronse plans provinciais dirixidos a financiar obras e servizos de competencia municipal e tramitados polo Servizo Provincial de Xestión de Planes, coa dotación orzamentaria que se indica:

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	38.434.327,95 €	480	80.071,52 €
2013	24.820.625,69 €	256	96.955,57 €
2014	43.672.157,70 €	477	91.555,89 €
2015	46.412.246,46 €	365	127.156,84 €
2016	75.014.480,90 €	838	89.516,09 €
2017	80.453.821,56 €	756	106.420,40 €
TOTAIS	308.807.660,26 €	3.172	97.354,24 €

EXERCICIO	REDE CULTURAL		
	IMPORTE	Nº SUBV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	649.620,54 €	748	868,48 €
2013	631.175,00 €	632	998,69 €
2014	757.932,92 €	765	990,76 €
2015	776.571,17 €	796	975,59 €
2016	1.016.098,07 €	952	1.067,33 €
2017	1.301.474,48 €	1.149	1.132,70 €
TOTALES	5.132.872,18 €	5.042	1.018,02 €

O detalle dos importes asignados a cada concello no ano 2017 recóllese no **anexo 4**.

## 2.5. Importes totais autorizados ou comprometidos.

En consecuencia, os importes autorizados e/ou comprometidos pola Deputación a favor dos concellos da provincia no período que vai do 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2017 en concepto de Plans Provincias, subvencións de concorrencia, nominativas, e Rede Cultural, presenta o seguinte resumo:

EXERCICIO	PLANS PROVINCIAIS	SUBVENCIÓNS CONCORRENCEA	SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAL SUBVENCIÓNS 2012-2017
2012	38.434.327,95 €	12.785.617,74 €	4.519.399,88 €	649.620,54 €	56.388.966,11 €
2013	24.820.625,69 €	10.325.375,92 €	11.351.062,75 €	631.175,00 €	47.128.239,36 €
2014	43.672.157,70 €	12.759.754,13 €	17.795.404,21 €	757.932,92 €	74.985.248,96 €
2015	46.412.246,46 €	14.429.925,80 €	7.030.468,82 €	776.571,17 €	68.649.212,25 €
2016	75.014.480,90 €	18.458.901,21 €	7.602.551,82 €	1.016.098,07 €	102.092.032,00 €
2017	80.453.821,56 €	11.942.250,98 €	6.551.132,41 €	1.301.474,48 €	100.248.679,43 €
TOTAIS	308.807.660,26 €	80.701.825,78 €	54.850.019,89 €	5.132.872,18 €	449.492.378,11 €

PORCENTAXES SOBRE TOTAIS			
68,70%	17,95%	12,20%	1,14%

## 2.6.- Consideracións específicas en relación coa acción de fomento no ano 2017.

Dos datos expostos observase un cambio de tendencia nos resultados obtidos de exercicios anteriores, do modo que se indica :

COMPARATIVO DE 2017 Y 2016					
CONCEPTO	PLANS	CONCORRENCEA	NOMINATIVAS	REDE CULTURAL	TOTAIS
Exceso/defecto importe sobre 2016	5.439.340,66 €	- 6.516.650,23 €	- 1.051.419,41 €	285.376,41 €	-1.843.352,57 €
Pte.Tramitar-2ª F POS +ADIC 1/2017	5.572.567,31 €				
Total exceso Plans 2017 sobre 2016	11.011.907,97 €	- 6.516.650,23 €	- 1.051.419,41 €	285.376,41 €	3.729.214,74 €

Ano	Nº Conv.
2012	16
2013	16
2014	18
2015	21
2016	23
2017	12
<b>TOTAL</b>	<b>106</b>

2.7.2. Nos exercicios 2012 a 2017 o número de expedientes tramitados foi de 15.936 (plans: 3.172; concorrencia: 7.081; nominativas: 641 e rede cultural: 5.042) o que dá unha idea aproximada dos custos de xestión que implican para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión, xustificación parcial e total, pagos anticipados e finais, reintegros... Actividades todas elas que requieren dunha documentación específica, de informes e propostas preceptivas e das correspondentes resolucións, notificacións e publicacións.

2.7.3. A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia.

2.7.4. O importe da subvención media do período 2012-2017, ascende 28.206,10 € (plans: 97.354,24; concorrencia: 11.396,95; nominativas 85.569,45 e rede cultural: 1.018,02).

2.7.5. En determinadas convocatorias só poden participar aqueles concellos que prestan os servizos aos que van destinadas as subvencións (por exemplo, conservatorios e escolas de música, limpeza de praias); outras, teñen por finalidade contar co persoal adecuado para cumplir o servizo (animadores culturais, animadores deportivos, normalización lingüística). A este respecto hai que sinalar dous comentarios relevantes:

- Os concellos deben contar co persoal que require a prestación ordinaria dos servizos da súa competencia, adecuadamente identificado e a través da preceptiva relación de postos de traballo.
- A contratación de persoal laboral temporal ou funcionario interino está sometida ás condicións e límites recolleitos na normativa de xeral aplicación ás entidades locais.

2.7.6. A forma normal de cooperar cos concellos da provincia debe ser a través dun Plan Provincial de obras e Servizos, se é posible único, baseado en criterios obxectivos, que teña en conta a Enquisa de Infraestruturas e Equipamento Local e a análise dos custos efectivos dos servizos dos municipios, nos que estes participen na súa elaboración, aprobación e execución. Todo iso de conformidade co establecido no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, no artigo 36 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Régime Local e nos artigos 110 a 112 da Lei 5/1997, Reguladora da Administración Local de Galicia.

2.7.7. Ao longo do ejercicio 2017 tramitáronse 76 subvencións nominativas dirixidas a concellos da provincia por un importe total de 6.551.132,41 €. Como se indicou de forma reiterada por esta Intervención provincial só por razóns moi excepcionais de interese público, motivadas e acreditadas documentalmente cos requisitos e condicións establecidos nas normas de xeral aplicación e nas Bases de Execución do Orzamento Provincial, pódese excepcionar a xeral aplicación dos principios citados. Esta circunstancia excepcional non foi acreditada nos expedientes tramitados nos que se emitiu o preceptivo informe de fiscalización no que se pon de manifesto esta circunstancia. Sobre este extremo tampouco se acreditan nos expedientes tramitados os criterios utilizados para cuantificar o importe da subvención outorgada ou o coeficiente de financiamento resultante.

2.7.8. Por todo o exposto e de conformidade co establecido no artigo 8.1 da Lei xeral de subvencións e nos artigos 10 a 15 do Regulamento do seu desenvolvemento, débese reiterar a necesidade de tramitar un Plan estratégico de subvencións provinciais que contemple o exposto nas normas de aplicación e no Protocolo subscrito coa Xunta de Galicia que se acompaña como anexo 13.

### 3.- SUBVENCIÓN OUTORGADAS A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DE DEREITO PÚBLICO.

EXERCICIO	CONCORRENCIA	NOMINATIVAS	SUBVENCIÓNS 2012-2017 IMPORTE TOTAL
	IMPORTE TOTAL	IMPORTE TOTAL	IMPORTE TOTAL
2012	148.823,77 €	5.219.501,07 €	5.368.324,84 €
2013	267.052,02 €	6.203.853,42 €	6.470.905,44 €
2014	321.881,48 €	5.442.624,42 €	5.764.505,90 €
2015	311.608,64 €	6.230.000,00 €	6.541.608,64 €
2016	341.829,54 €	5.306.799,66 €	5.648.629,20 €
2017	208.803,38 €	5.810.614,67 €	6.019.418,05 €
TOTAIS	1.599.998,83 €	34.213.393,24 €	35.813.392,07 €

#### 4.-SUBVENCIÓNS OUTORGADAS A ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS. PRIVADAS.

Finalmente, tamén foron obxecto de fomento provincial asociacións, fundacións e outras entidades privadas sen ánimo de lucro, así como persoas físicas e xurídicas con ánimo de lucro as que se subvencionaron, fundamentalmente a través do Plan de Emprego (PEL).

##### 4.1. Subvencións outorgadas en réxime de concorrencia.

No período considerado tramitáronse, a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro, e persoas físicas e xurídicas, en réxime de concorrencia competitiva (artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións) 129 convocatorias. Enuméranse no **anexo 7** as entidades beneficiarias cos seus importes individuais do 01/01/2017 ao 31/12/2017 . Da revisión do devandito anexo co achegado no informe emitido o 04/05/2016 relativo ao período 2012-2015, e co de data 15/02/2017 do 2016, obsérvase que moitas entidades foron beneficiarias anualmente de subvencións de concorrencia.

En termos anuais as subvencións outorgadas por este procedemento alcanzaron as magnitudes seguintes:

EXERCICIO	SUBVENCIÓNS CONCORRENCIA			
	IMPORTE	Nº SUBV.	Nº CONV.	SUBVENCIÓN MEDIA
2012	4.774.211,45 €	1.779	15	2.683,65 €
2013	5.466.766,50 €	1.779	15	3.072,94 €
2014	4.992.951,64 €	1.640	17	3.044,48 €
2015	7.132.706,20 €	1.985	19	3.593,30 €
2016	7.959.792,22 €	1.865	27	4.267,99 €
2017	13.344.235,23 €	2.036	28	6.554,14 €
TOTAIS	43.670.663,24 €	11.084	121	3.939,97 €

##### 4.2. Subvencións nominativas outorgadas.

No **anexo 8** recóllese o detalle de todas as subvencións nominativas aprobadas no período 01/01/2017 ao 31/12/2017 a favor de entidades privadas sen ánimo de lucro, universidades, etc. con indicación dos beneficiarios, o obxecto e o importe das subvencións outorgadas en cada exercicio.

A información detallada no citado anexo mais o aportado nos informes do 04/05/2016 e do 15/02/2017 dá lugar ao seguinte resumo:



#### **4.5. Consideracións particulares.**

##### **4.5.1 En relación coas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia competitiva.**

A información exposta en datos require dos comentarios que seguen, en relación coas subvencións outorgadas en réxime de concorrencia competitiva a entidades privadas sen ánimo de lucro e de persoas físicas e xurídicas :

4.5.1.1.Nos exercicios 2012 a 2017 trámítaronse un total 129 convocatorias, en réxime de concorrencia, cada unha delas coas súas Bases específicas, coa seguinte distribución anual:

Ano	Nº Conv
2012	19
2013	19
2014	17
2015	19
2016	27
2017	28
<b>TOTAL</b>	<b>129</b>

4.5.1.2.Nos exercicios 2012 a 2017, o número de subvencións outorgadas ascendeu a 14.502 (concorrencia: 11.084; nominativas: 564 e rede cultural: 2.854) o que dá unha idea aproximada dos custos que a súa xestión implica para os destinatarios e para os servizos provinciais: solicitudes, concesión provisional, definitiva, xustificación, pagos. Cada un dos trámites indicados require, á súa vez, dunha minuciosa documentación específica, dos informes e propostas preceptivos e das correspondentes resolucións, notificacións e/ou publicacións, etc.

4.5.1.3.A maior parte dos programas de subvencións tramitados correspóndense con servizos, investimentos ou actividades tamén recollidos na acción de fomento da Xunta de Galicia e dos concellos da provincia. Non consta a realización dos labores oportunos de coordinación ou de colaboración con outras administracións públicas. Por outra banda, esta circunstancia dá lugar á concorrencia de subvencións públicas para a mesma finalidade, que debe ser declarada polos beneficiarios e tomada en consideración no momento da valoración da solicitude correspondente.

4.5.1.4.O importe medio das subvencións outorgadas con este procedemento (2012-2017) é de 3.939,97, importe moi inferior á media das subvencións nominativas outorgadas, que ascendeu 37.818,97 €. Nalgúns convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto, os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

O importe da subvención media, incluíndo a rede cultural, descende a 4.584,26 €

4.5.1.5.A composición das Comisións de Valoración definidas nas bases xerais das convocatorias tramitadas no exercicio 2017 non foron obxecto de adecuación ás consideracións contidas nos informes preceptivos da Secretaría e a Intervención de exercicios anteriores.

4.5.1.6. Xunto coas convocatorias xerais efectuadas polo procedemento de concorrencia competitiva comentadas, trámítaronse en cada exercicio numerosas subvencións nominativas (ás que se fará referencia nun apartado posterior do presente informe) para as mesmas finalidades, investimentos ou actividades: cultura, deportes, servizos sociais, promoción económica.

4.5.1.7.Non se recollerón na tramitación correspondente os aspectos a que se refire o artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, os artigos 10 e 15 do Regulamento de desenvolvemento da devandita lei, o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e os artigos 6 e 7 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia, como propios dun Plan estratéxico de subvencións

## 5.-OUTRAS ACCIÓNS DE FOMENTO

### 5.1.- Bolseiros

**5.1.1.- Bolseiros incluídos en nómina correspondentes a convenios coas Universidades galegas ou de bases aprobadas pola Deputación. (Anexo 10)**

BOLSEIROS 2017				
NÓMINA	Nº BOLSEIROS	IMPORTE LÍQUIDO BOLSEIROS	SS EMPRESA	TOTAL SS CARGO DEPUTACIÓN
ENERO	30	25.782,50	35,24	1.057,20
ENERO (Sandra Iglesias Castiñeiras)	1	893,82	35,24	35,24
FEBREIRO	29	25.906,57	38,06	1.103,74
MARZO	30	26.112,20	38,06	1.141,80
ABRIL	31	27.693,23	38,06	1.179,86
MAIO	33	28.820,79	38,06	1.255,98
XUNIO	32	28.549,17	38,06	1.217,92
XULIO	32	27.947,86	38,06	1.217,92
AGOSTO	33	29.147,20	38,06	1.255,98
SETEMBRO	29	24.375,74	38,06	1.103,74
OUTUBRO	29	24.622,27	38,06	1.103,74
NOVEMBRO	27	24.098,32	38,06	1.027,62
DECEMBRO	32	28.312,19	38,06	1.217,92
<b>TOTAL</b>		<b>322.261,86</b>		<b>12.826,22</b>

**IMPORTE TOTAL BOLSEIROS 2017** **335.088,08**

Na actualidade, e concretamente na nómina do mes de xaneiro de 2018, figuran incluídos 36 bolseiros que realizan prácticas nos distintos servizos da Deputación que se relacionan no anexo 10.

As prácticas que realizan proveñen de :

- Convenios coas Universidades da Coruña e Santiago. Estas prácticas poden ter natureza curricular ou extracurricular. Estas últimas non forman parte dun plan de estudos, senón que son voluntarias e realizanase con posterioridade ás curriculares. A selección dos candidatos realizaase polas citadas Universidades.
- Bolseiros seleccionados pola propia Deputación en función dunhas bases elaboradas polos distintos servizos.

As bolsas, tanto as procedentes de convenios como de bases aprobadas pola Deputación, teñen unha duración dun ano, prorrogable por outro máis. No entanto, dada a posibilidade de encadear prácticas curriculares e extracurriculares o tempo de permanencia na Deputación pode duplicarse, polo que se deberá actuar adoptando as cautelas e prevencións necesarias para garantir que as prácticas bolseiras non perdan, en ningún momento, a súa natureza formativa tanto pola súa duración como polas promocións que se poidan presentar ás convocatorias.

## 6.- CONSIDERACIÓN FINAIS.

6.1.- Á vista da información dispoñible e tomado en consideración o xa exposto en diferentes informes dos servizos provinciais procede manifestar o que segue, en relación coa acción de fomento orientada aos entes públicos e privados da provincia, cuxo desglose total é o seguinte:

TOTAL ACCION FOMENTO PERIODO 2012-2017								
EXERC.	CONCELLOS	ENTIDADES LOCAIS D. PÚBLICO	ENTIDADES, PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS	BOLSEIROS		PREMIOS	ASIGNACION GRUPOS POLITICOS	TOTAIS
				NOMINA	OTROS			
2012	56.388.966,11 €	5.368.324,84 €	7.005.588,60 €				0,00 €	68.762.879,55 €
2013	47.128.239,36 €	6.470.905,44 €	10.070.795,16 €				0,00 €	63.669.939,96 €
2014	74.985.248,96 €	5.764.505,90 €	10.489.692,47 €				0,00 €	91.239.447,33 €
2015	68.649.212,25 €	6.541.608,64 €	11.051.346,23 €				0,00 €	86.242.167,12 €
2016	102.092.032,00 €	5.648.629,20 €	11.401.080,88 €				47.716,86 €	119.189.458,94 €
2017	100.248.679,43 €	6.019.418,05 €	16.462.457,51 €	335.088,08 €	453.590,62 €	369.500,00 €	80.490,85 €	123.969.224,54 €
TOTAIS	449.492.378,11 €	35.813.392,07 €	66.480.960,85 €	335.088,08 €	453.590,62 €	369.500,00 €	128.207,71 €	553.073.117,44 €

6.1.1.Resulta preceptivo e urgente elaborar un Plan estratéxico de subvencións co contido e alcance previsto nas normas de aplicación, que procure, entre outros puntos, a simplificación e racionalización de convocatorias e trámites.

6.1.2.Faise necesario tomar en consideración a acción de fomento das restantes administracións públicas (Estado, Xunta e Concellos) para garantir a necesaria coordinación, colaboración e cooperación para o exercicio das competencias propias de cada administración

6.1.3.A acción de fomento provincial debe realizarse con base en criterios obxectivos e equitativos, entre os que debe figurar o custo efectivo dos servizos, elaborados coa participación dos municipios da provincia e respectando a autonomía municipal e as competencias das distintas administracións públicas e orientarse especialmente aos municipios de menor capacidade económica.

6.1.4.Só por razóns excepcionais de interese público poden outorgarse subvencións nominativas, cando non resulte posible a aplicación dos principios xerais de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación e así se acredeite no expediente administrativo. En todo caso debe tomarse en consideración o establecido no artigo 22.2 da Lei xeral de subvencións e no artigo 67.3 do Regulamento desta para motivar adecuadamente o outorgamento da achega provincial, a súa contía, o coeficiente de financiamento proposto e demais puntos recollidos nas Bases 50 e 51 de execución do Orzamento provincial.

6.1.5.A elaboración dun Plan único de financiamento das obras e servizos de competencia municipal, que comprendese todos os recursos a asignar anualmente aos concellos da provincia con criterios obxectivos e equitativos, coa colaboración municipal no marco da súa autonomía de xestión, podería supor unha importante e decisiva racionalización e simplificación da actividade administrativa municipal e provincial actualmente comprometida na xestión dos múltiples programas en que se concreta na actualidade a actividade de fomento provincial dirixida a concellos e, ao propio tempo, dotaría esta acción dunha transparencia e avaliación inmediata. Tal forma de proceder está contemplada no artigo 36.2.a) da LRBRL, nos artigos 110 a 112 da LALGA e no artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local, cuxo teor literal é o seguinte:

*"Artigo 9 – Os recursos financeiros das Corporacións locais.*

*1. As Corporacións locais teñen dereito, no marco da política economía nacional, a ter recursos propios e suficientes dos cales poden dispor libremente no exercicio das súas competencias.*

*2. Os recursos financeiros das Corporacións locais deben ser proporcionais ás competencias previstas pola constitución ou pola lei.*

Neste apartado resulta particularmente significativo o carácter recorrente dasgunhas subvencións nominativas outorgadas anualmente a determinadas entidades, tal e como se recolle no Anexo 8 do presente informe.

6.2.5.A coincidencia do obxecto e finalidade dasgunhas subvencións outorgadas en réxime de concorrenza con outras outorgadas nominativamente require dunha análise singular orientada a evitar as desigualdades que esta circunstancia pode xerar e a incluír a totalidade das subvencións tramitadas no procedemento de concorrenza competitiva coas previsións e consideracións que procedan nas Bases de convocatoria para asegurar os principios de publicidade, concorrenza, igualdade, non discriminación, eficacia e sustentabilidade, sen prexuízo de tomar en consideración de forma obxectiva e adecuadamente ponderada as particularidades relevantes xuridicamente dos posibles beneficiarios.

6.2.6. As bases das convocatorias tramitadas no exercicio 2017 conteñen a adecuación da composición da Comisión de Valoración nelas contempladas ás indicacións contidas nos informes da Secretaría e Intervención Provincial en exercicios anteriores.

Nalgúns convocatorias a definición xenérica do obxecto e a ampla referencia aos conceptos susceptibles de integrar o orzamento subvencionado deron lugar a disfuncións apreciables na aplicación dos criterios de cuantificación da subvención outorgada, na xustificación das actividades ou investimentos e na súa adecuada comprobación. Razóns de economía, celeridade e eficacia aconsellan delimitar con máis precisión o obxecto,. os conceptos que integran o orzamento subvencionable e os criterios obxectivos de avaliación.

6.2.7.Os convenios-tipo aprobados para a tramitación de subvencións nominativas require dunha redacción que permita incorporar o Control de Calidade das obras ou investimentos financiados, a tramitación dos contratos externos conforme os criterios da normativa de contratos do sector público, a participación dos técnicos provinciais nas comisións avaladoras das ofertas nos procesos de contratación nas recepcións de obras ou investimentos e outras medidas orientadas a garantir a legalidade e eficacia na acción desenvolvida polas entidades beneficiarias.

O exposto recolle, en síntese, a opinión dos informantes que pon de manifesto á Presidencia da Corporación provincial para os efectos que considere oportunos.

A Coruña, 14 de marzo de 2018

A XEFA DO SERVIZO DE  
FISCALIZACIÓN,

Mª Dolores Velo Fuentes

O INTERVENTOR XERAL,

José Manuel Pardellas Rivera